



ANEXO I

MODELO DE INSTANCIA

1. DATOS PERSOAIS

D. Dña _____, con DNI _____, e domicilio a efectos de notificación e comunicación en _____, C.P. _____, localidade _____, teléfono _____, e dirección electrónica habilitada _____ (indicar so no caso de que desexe que as notificación lle sexan practicadas de xeito telemático).

2. DOCUMENTACIÓN QUE SE ACOMPAÑA COA PRESENTE SOLICITUDE:

- D.N.I., pasaporte ou documento de identificación equivalente e acreditativo da nacionalidade. (orixinal ou compulsado).
- Titulación esixida, neste caso nivel de formación equivalente a Educación Primaria ou Certificado de Escolaridade (orixinal ou compulsado).
- Acreditación documental de posuír, de ser o caso, o coñecemento da lingua galega requirido (Celga 2) (orixinal ou compulsado).
- Carné de conducir tipo C. (orixinal ou compulsado).
- Certificado de aptitude profesional (CAP). (orixinal ou compulsado).
- Certificado ou informe médico actualizado (orixinal ou compulsado).
- Relación de méritos acompañada dos xustificantes acreditativos destes (orixinais ou compulsados).

3. EXPOÑO

- Que teño coñecemento da convocatoria publicada para a selección dunha praza como persoal laboral fixo de operario servizos múltiples/conductor, conforme ás bases publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número _____, de data _____.
- Que coñezo e acato incondicionalmente as bases que rexen o proceso selectivo.
- Que son certos todos os datos consignados nesta solicitude e que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria e en concreto os sinalados na base 3ª.

4. DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

- a) Ter a nacionalidade española, ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego Público de Galicia, permita o acceso ao emprego público, sen prexuízo do establecido no artigo 57 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Estar en posesión da titulación esixida ou estar en condicións de obtela antes do remate de presentación de instancias, neste caso nivel de formación equivalente a Educación Primaria ou Certificado de Escolaridade. As persoas aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente validación ou da credencia que acredite, de ser o caso, a homologación do título.
- c) Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares as que desempeñaban no caso de persoal laboral, en



CONCELLO DA PONTENOVA

C.I.F. P-2704800 H – N.R.E.L. 01270484

que fora sido separado ou inhabilitado. No caso do persoal laboral, non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á cal se pertencía. No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

- d) Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- e) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.
- f) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.
- g) Non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico incompatible co normal desenrolo das súas funcións, que se acreditará con informe ou certificado médico.
- h) Estar en posesión do Celga 2 ou equivalente ou estar en condición de obtelo antes do remate de presentación de instancias, ou obter a cualificación de "apto" na proba de galego que forma parte da oposición.
- i) Estar en posesión do carné de conducir tipo C.
- j) Estar en posesión do certificado de aptitude profesional (CAP).

Por todo o cal, **SOLICITO** que, de conformidade co disposto nos artigos 49, 50 e 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, en concordancia co disposto nos artigos 55 e 56 do texto refundido da Lei de Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, admítase esta solicitude para o proceso de selección de persoal laboral referenciado.

Deber de informar aos interesados sobre protección de datos

Fun informado de que este Concello vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña para a tramitación e xestión de expedientes administrativos.

Responsable	Concello de A Pontenova Datos de contacto do delegado de protección de datos abogados@lexisley.es .
Finalidade Principal	Tramitación, xestión de expedientes administrativos e actuacións administrativas derivadas destes.
Lexitimación	Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento: art. 55 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro
Destinatarios	Os datos non se cederán salvo obriga legal.
Dereitos	Ten dereito a acceder, rectificar e suprimir os datos, así como calquera outros dereitos que lles correspondan, tal e como se explica na información adicional
Información Adicional	Pode consultar a información adicional e detallada sobre protección de datos na seguinte url www.concellodapontenova.org